



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN DIRECTA DO CONCELLO DA ESTRADA O CLUB ESCUDERIA ESTRADENSE – LA ESTRADA

A Estrada, a 5 de maio de 2026

NESTE ACTO REÚNENSE

Dunha parte, a Alcaldesa Acctal do Excmo. Concello da Estrada, Dna. Amalia Goldar Cora con DNI: ***7201**, en representación do mesmo, con facultades suficientes para este acto;

Doutra, O Presidente do Club Escudería Estradense – La Estrada con CIF: G36113785 inscrito no Rexistro de Asociacións Deportivas da Comunidade Autónoma, D. Iván Vázquez Iglesias, con DNI: ***4522**

EXPOÑEN

Que o Concello da Estrada, a través da Concellería de Deportes e Participación Cidadá e o Club Escudería Estradense, co obxecto de mellorar e facilitar o desenvolvemento deportivo e a promoción do deporte no noso Concello, estimando oportuno para levar a cabo dita actuación unha serie de obxectivos;

Que a cooperación entre a Concellería de Deportes e Participación Cidadá e o Club Escudería Estradense para o cumprimento de obxectivos comúns en materia deportiva, require, para garantir a súa eficacia, o establecemento de instrumentos formais, caso do presente convenio;

Por iso e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente;

OUTORGAN

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes **CLÁUSULAS**:

1ª CLÁUSULA:

O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada, a través da Concellería de Deportes e Participación Cidadá e o Club Escudería Estradense, de cara a promoción do deporte no noso Concello.

2ª CLÁUSULA:

As actuacións a desenvolver por parte do Club Escudería Estradense – La Estrada son consistentes en:

- Organizar un curso de comisarios, primeiros auxilios e seguridade en probas automobilísticas
- Promoción do Concello da Estrada por medio da inserción do escudo do Concello nos actos e actividades oficiais do club.
- Colaborar con outros clubs automobilísticos do Concello aportándolles o apoio e asesoramento de comisarios e técnicos.
- Colaborar con Concello da Estrada, naquelas outras actividades deportivas que se lle requira.
- Organizar a Subida Automobilística a Estrada do ano 2026, proba puntuable para o Campionato Galego de Montaña, durante o mes de agosto do ano en curso.
- Organización de xornadas de seguridade vial nos centros educativos do Concello da Estrada.

3ª CLÁUSULA

O Club Escudería Estradense fará constar na súa publicidade o patrocinio do Concello da Estrada, nas actividades que este organice, e fará mención na publicidade o patrocinio do Concello da Estrada, ó igual cos demais clubs que obteñen subvencións por parte do Concello.



4ª CLÁUSULA

O Concello da Estrada, realizará unha achega económica de 10.000,00 € a través da subvención directa ao Club Escudería Estradense incluída no Orzamento Municipal do Exercicio de 2026, para o cumprimento dos fins deste convenio (Aplicación 340.489.02), tendo en conta a excepcionalidade (non existe ningunha outra escudería que poida organizar a proba) e o interés público (dinamiza o sector económico estradense) que representa.

5ª CLÁUSULA

A referida subvención concederáse con carácter de prepagable e será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais..

6ª CLÁUSULA

O Club Escudería Estradense queda suxeita á obriga de xustificar a subvención nos termos e condicións establecidos no apartado IX da base 55ª de execución orzamentaria. Coas consecuencias, para o caso de que non o fixera previstas nos parágrafos X e seguintes.

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio terá carácter de prepagable e efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2026 e tras a presentación do compromiso de xustificar no prazo máximo de 3 meses dende que se efectúe o pagamento.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse, no prazo de 3 meses desde que se perciba a subvención, e en todo caso antes do 31 de decembro de 2026 a seguinte documentación:

- Conta xustificativa, que inclúe a memoria descritiva e cuantificada das actividades desenvolvidas, o importe e a relación das facturas correspondentes aos gastos realizados e a procedencia dos ingresos obtidos.
- Declaración conforme se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.
- Declaración da non percepción, ou percepción, se é o caso (detallando importes), doutras subvencións ou axudas públicas para a realización das actividades subvencionadas.
- Facturas orixinais do gasto realizado, ou fotocopias debidamente cotexadas, cuxos pagamentos se acreditarán cos xustificantes das respectivas transferencias bancarias e as certificacións expedidas polas respectivas federacións, galega e española, acreditativas en concepto de licenzas, comisarios e cuotas de afiliación entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026.
- Debe de presentarse a relación de gastos totais nunha folla modelo *excel* como anexo a conta xustificativa, cuxo modelo se poderá descargar da páxina web do Concello da Estrada.

7ª CLÁUSULA

Os asinantes deste convenio comprométese a cumprir con todo o estipulado no mesmo e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha Comisión de seguemento (de composición paritaria) que se constituirá a demanda de calquera das dúas partes.

8ª CLÁUSULA

O presente convenio terá vixencia durante o ano 2026.

Así conveñen e outorgan e tras a correspondente lectura, en proba de conformidade, asinan os representantes das partes, en duplicado exemplar e a un único efecto, o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

